

## MEMORIA ACTIVIDADES 2012

### DATOS DA ENTIDADE

**Nº socios/as:** 114

**Período:** Do 16 de Xaneiro ao 21 de Decembro de 2012 (mes de agosto pechado por vacacións).

**Horario:** De 9:30 a 20:30h.

**Días:** De luns a venres.

### PROGRAMAS REALIZADOS NO 2012:

**Vontade** é unha Organización Non Governamental de ámbito comarcal e sen ánimo de lucro. O principal obxectivo é a promoción e defensa das condicións de vida das persoas con discapacidade, até acadar a súa plena integración educativa, laboral e social.

**Vontade** agrupa a 114 persoas con discapacidade da comarca do Baixo Miño, tamén contamos cun grupo de 82 Socios Colaboradores o que a converte nunha das asociacións máis representativas da comarca.

Son beneficiarias dos programas e as actividades levadas a cabo por Vontade as persoas con algunha discapacidade, en idade laboral (16-59 anos) que residen nos concellos do Baixo Miño ou limítrofes (Oia, O Rosal, A Guarda, Tui, Tomiño, O Porriño, Salceda, Baiona e Gondomar), aínda que excepcionalmente poden acudir persoas doutros concellos cando debido as súas características especiais non dispoñan dun recurso adecuado no seu contorno.

As actividades levadas a cabo no ano 2012 dende Vontade son:

## 1. ACTIVIDADES FORMATIVAS

- TALLERES FORMATIVOS
  - o **LECTURA DA ACTUALIDADE**
  - o **LECTOESCRITURA**
  - o **APOIO A ESO**
  - o **INFORMÁTICA Á CARTA**
- TALLERES OCUPACIONAIS
  - o **TALLER DE COIRO**
  - o **TALLER DE SERIGRAFÍA**
  - o **TALLER DE MANUALIDADES**
  - o **TALLER DE CERÁMICA**

- TALLER DE HABILIDADES MOTORAS
  - o **PSICOMOTRICIDADE**
  - o **NATACIÓN TERAPÉUTICA**
- TALLER DE HABILIDADES PSICOEMOCIONAIS
  - o **ESTIMULACIÓN COGNITIVA**
- TALLER DE AUTONOMÍA PERSOAL/ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA
  - o **COIDADADO PERSOAL**
- TALLER DE ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS NA VIDA DIARIA
- OCIO E TEMPO DE LECER
  - o **SAÍDAS CULTURAIS**
  - o **VIDEOFORUM**
- PROGRAMA DE FORMACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA QUE RESIDAN NA CC.AA. DE GALICIA
  - o **CURSO DE CONTROLADOR DE ACCESOS**

## 2. OUTROS SERVIZOS

- **TERAPIA OCUPACIONAL**
- **PSICOLOXÍA**
- **TRABALLO SOCIAL**



Barrio Da Rocha, 19B  
36740, Tomiño, Pontevedra  
CIF: G 36452837

☎ Telf: 986623044  
☎ Fax: 986 098269  
✉ Mail: info@vontade.org

[www.vontade.org](http://www.vontade.org)

- **FISIOTERAPIA**
- **TRANSPORTE ADAPTADO**
- **COORDINACIÓN E ADMINISTRACIÓN**

### 3. OUTROS

- **MERCADO SOLIDARIO**
- **XORNADA "DISCAPACIDADE E INTEGRACIÓN NO MEDIO RURAL"**



## 1) ACTIVIDADES FORMATIVAS

### - TALLERES FORMATIVOS

#### o LECTURA DA ACTUALIDADE

**Obxectivos:** Aumentar os coñecementos das persoas usuarias no relacionado coas noticias de interese actual.

**Contidos:** Lectura de xornais, revistas de interese ou noticias a través da rede.

**Temporalidade:** Luns e mércores de 09:30 a 11:30 horas.



#### o LECTOESCRITURA

**Obxectivos:** Aumentar os coñecementos das persoas usuarias na lectura, escritura e cálculo.

**Contidos:** Este taller serviu para formar e servir de apoio as persoas usuarias no referente a lectura, escritura, matemáticas básicas...

**Temporalidade:** Luns de 16:30 a 20:30, martes e xoves de 09:30 a 13:30 horas.



○ **APOIO A ESO**

**Obxectivos:** Axudar os alumnos matriculados na ESO a conseguir dito título.

**Contidos:** Guía e ferramenta para a formación daqueles participantes que se presentaran aos exames de maneira autónoma.

**Temporalidade:** Luns a xoves de 09:30 a 13:30 horas.



## ○ **INFORMÁTICA Á CARTA**

**Obxectivos:** Que as persoas usuarias se familiaricen co manexo do ordenador (teclado, rato, procesador de textos, folia de cálculo, correo electrónico, etc.).

**Contidos:** Cada individuo ten un nivel diferente polo que a actividade se imparte de maneira individualizada acorde cos coñecementos e capacidades de cada un.

**Temporalidade:** Martes e mércores de 16:30 a 20:30 horas.



## - TALLERES OCUPACIONAIS

### ○ **TALLER DE COIRO**

**Obxectivos:** As persoas beneficiarias acadaron os coñecementos en materia de artesanía necesarios para aumentar as súas oportunidades no acceso o emprego e integración social.

**Contidos:** Identificación dos materiais e a súa utilidade, coñecemento dos tecidos para a súa manipulación, gravados e troquelados, tinguiduras, cosidos e o acabado.

**Temporalidade:** Fíxose en horario de 16:30 a 20:30 h os luns, martes e xoves do 1 de marzo o 31 de xullo.



### ○ TALLER DE SERIGRAFÍA

**Objetivos:** Desenvolar as capacidades de creación e expresión artística, proporcionando a persoa usuaria unha ampla variedade de técnicas e coñecementos prácticos para traballar.

**Contidos:** Identificación dos materiais e a súa utilidade, impresión e posterior realización de traballos.

**Temporalidade:** Fíxose en horario de 16:30 a 20:30h os luns, martes e xoves do 3 de setembro o 29 de novembro.






## ○ TALLER DE MANUALIDADES

**Obxectivos:** Potenciar o desenvolvemento das súas habilidades cognitivas, creativas e manuais a través do traballo artesanal na busca da aumentar a súa creatividade.

**Contidos:** Utilización de técnicas de pintura, modelado, recortado, etc. a través do uso correcto dos utensilios básicos e afianzamento no movemento para conseguir precisión na realización.

**Temporalidade:** Martes de 11:00 a 13:30 e xoves de 11:00 a 13:30 e de 15:30 a 19:00 horas.



## ○ TALLER DE CERÁMICA

**Obxectivos:** Desenvolar as capacidades de creación de deseños e elaboración destes en cerámica proporcionando a persoa usuaria unha ampla variedade de técnicas e coñecementos .

**Contidos:** Identificación dos materiais e a súa utilidade, Planificación do obxecto, Realización do deseño.

**Temporalidade:** Luns e mércores de 15:30 a 19:00 horas.



## - TALLER DE HABILIDADES MOTORAS

### o PSICOMOTRICIDADE

**Obxectivos:** Lévanse a cabo actividades que fomentan o funcionamento das distintas capacidades e funcións do corpo co fin de mellorar as habilidades motoras dos beneficiarios.

**Contidos:** Neste taller traballouse a coordinación motora fina e grosa, a coordinación óculo-manual, o ton e forza muscular e a resistencia entre outros.

**Temporalidade:** Luns a xoves de 09:30 a 11:30 horas.



## ○ NATACIÓN TERAPÉUTICA

**Obxectivos:** Os obxectivos desta actividade é, sobre todo, a rehabilitación, pero tamén axuda a persoa usuaria a adquirir independencia a hora de moverse na auga e como iniciación a natación.

**Contidos:** Serie de exercicios para mellorar a súa mobilidade, a súa autonomía dentro da auga e nalgúns dos casos veu a servir de apoio a rehabilitación que xa realizan tanto fora como na propia entidade.

**Temporalidade:** Sábados de 10:45 a 11:30 ata o 24 de abril, a partir de entón pasouse a realizar o luns en horario de 16:45 a 17:30 horas, para finalmente facerse os venres de tarde de 17:15 a 18:00 horas.



## - TALLER DE HABILIDADES PSICOEMOCIONAIS

### ○ ESTIMULACIÓN COGNITIVA

**Obxectivos:** Mellorar as capacidades cognitivas das persoas usuarias.

**Contidos:** Neste taller traballáronse as capacidades mentais, a memoria, a atención e resolución de problemas das persoas usuarias segundo as súas necesidades.

**Temporalidade:** Martes de 18:30 a 20:30, mércores e xoves de 11:30 a 13:30 h.



- TALLER DE AUTONOMÍA PERSOAL/ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA
  - o **COIDADADO PERSOAL**

**Obxectivos:** Adquisición de habilidades na realización das actividades da vida diaria para o fomento da autonomía persoal.

**Contidos:** Actividades destinadas o autocoidado (aseo persoal, deambulación, alimentación, vestido, sono...).

**Temporalidade:** Luns a venres de 13:30 a 16:30 horas.



## - TALLER DE ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS NA VIDA DIARIA

**Obxectivos:** Inclúe tódalas actividades orientadas cara a interacción co medio, como poden ser o uso de sistemas de comunicación, manexo do diñeiro, coidado da saúde e manutención...

**Contidos:** Fomentouse a autonomía persoal a través dos talleres de cociña, onde coa colaboración do persoal do centro as persoas usuarias realizaban actividades da vida diaria como facer a compra, elaborar os menús semanais, cociñar, limpar....

**Temporalidade:** Luns a venres, das 13:30 a 16:30 horas.



## - OCIO E TEMPO DE LECER

### o SAÍDAS CULTURAIS

**Obxectivos:** Conseguir que as persoas usuarias gocen dun tempo de lecer, cultura e esparexemento no que compartir momentos de ocio cos demais compañeiros así como co seu entorno máis próximo.

**Contidos:**

- Oferta cultural (museos, cinemas, excursións).
- Uso e goce de actividades ao aire libre.
- Actividades deportivas.
- Celebración de eventos e tradicións (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...).

**Temporalidade:** Venres de 16:30 a 20:30 h, aínda que se o desprazamento é lonxe a saída é de a xornada completa (de 9:30 a 20:30h).

As saídas durante o ano 2011 foron as seguintes:

- Xornada de compras a Vigo para facer os disfraces de carnaval  
Data:03/02/2012
- Visita a Escola Naval de Marín  
Data:17/02/2012
- Desfile de carrozas nos Carnavais de Redondela  
Data:19/02/2012
- Visita a catedral de Tui  
Data:24/02/12
- Visitar a Casa das Artes de Vigo  
Data:9/03/12
- Visita o novo Centro de Vontade  
Data:16/03/12
- Xuntanza con COGAMI para ir o cine  
Data:22/03/12
- Visita o Pazo Quiñones e comida na praia  
Data:23/03/12
- Visita o Museo do Marco de Vigo  
Data: 13/04/2012
- Visita ao parque de Bombeiros do Porriño  
Data:20/04/12
- Xornada lúdica por Tui  
Data:27/04/12
- Xornada lúdica no parque de Ribadelouro  
Data:11/05/2012
- Visita as instalacións da Hípica Vilamarín  
Data:01/06/2012
- Comprar material para facer manualidades  
Data:08/06/2012
- Xornada de Pesca adaptada en Val do Dubra.  
Data:09/06/2012
- Xornada lúdica por A Guarda e Ramallosa  
Data:15/06/2012
- Paseo por a Fortaleza, Portugal  
Data:22/06/2012
- Visita a Monteferro  
Data:29/06/2012
- Xornada campestre  
Data:06/07/2012
- Montaxe da carpa en Baiona  
Data:29/06/2012
- Viaxe en Ferry a Caminha, Portugal  
Data:20/07/2012

- Xornada lúdica na praia de Samil en Vigo  
Data: 27/07./2012
- Festa de fin de curso  
Data: 31/07/2012
- Magosto  
Data: 2/11/2012
- Xornada de compras  
Data: 16/11/2012
- Visita a Cidade da Cultura, Santiago de Compostela  
Data: 1/12/2012



Visita ao parque de Bombeiros do Porriño



Xornada de Pesca en Val do Dubra



Hípica Vilamarín



Visita a Escola Naval de Marín

### o VIDEOFORUM

**Obxectivo:** Recuperar e mellorar habilidades cognitivas dende unha perspectiva lúdica durante a película e socializadora durante o posterior debate.

**Contidos:** Os venres pola tarde cando non hai saídas de ocio e tempo libre fanse sesións de videoforum, onde as persoas usuarias visualizan películas de diferentes temáticas e o rematar a mesma se realiza un debate.

**Temporalidade:** Venres de 16:30 a 20:30 horas alternándose coas saídas de ocio e tempo de lecer.



- PROGRAMA DE FORMACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA QUE RESIDAN NA CC.AA. DE GALICIA

- o **CURSO DE CONTROLADOR DE ACCESOS**

**Obxectivo:** Adquirir os coñecementos precisos para desempeñar un posto de traballo como controlador de accesos.

**Contidos:** O curso dividíuse nos seguintes módulos:

- Área xudírica.
- Área socioprofesional.
- Área técnico-profesional.
- Informática.
- Mecanografía.

**Temporalidade:** Realízouse dende Marzo ata Agosto.





## 2) OUTROS SERVIZOS

### - **TERAPIA OCUPACIONAL**

Evalúa a capacidade da persoa para desempeñar as actividades da vida diaria e intervén cando dita capacidade está en risco ou danada. Este profesional axuda a persoa a adquirir o coñecemento, as destrezas e as actitudes necesarias para desenrolar as tarefas cotidianas e conseguir a máxima autonomía e integración.

### - **PSICOLOXÍA**

Evalúa a persoa susceptible de requirir algunha intervención psicolóxica para posteriormente, se é o caso, programar e implementar un plan de intervención individualizado e realizar un seguimento do mesmo. Ademais ocúpase de manexar as intervencións puntuais e en crise.

### - **TRABALLO SOCIAL**

Dende este departamento ten como funcións:

- Información e asesoramento.
- Xestión (valoración previa, acollida e admisión, saída...).
- Coordinación cos Servizos Sociais.
- Tramitación e xustificación de subvencións.

- Coordinación do voluntariado.
- Intervención coas familias.

#### - **FISIOTERAPIA**

Dende o mes de outubro contamos cunha fisioterapeuta encargada de realizar tratamentos individualizados por medio do exercicio terapéutico, calor, frío, auga, masaxe e electricidade. Ademais executa probas manuais para determinar o valor da afectación e forza muscular, as capacidades funcionais, a amplitude de movemento articular e medidas da capacidade vital, así como axudas diagnósticas para o control da evolución.

#### - **TRANSPORTE ADAPTADO**

Este servizo facilita o desprazamento das persoas usuarias en situación de discapacidade hasta o CRD Vontade. Este transporte é imprescindible na zona do Baixo Miño debido o seu carácter rural e a súa elevada dispersión.

#### - **COORDINACIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Estos departamentos son os encargados da xestión e dirección do centro. Entre as súas funcións destacan a coordinación dos restantes departamentos que conforman o CRD Vontade (Terapia Ocupacional, Traballo Social, Psicoloxía, Formación Ocupacional, Fisioterapia...) así como levar a contabilidade da asociación.

### 3) OUTROS

#### - **MERCADO SOLIDARIO**

Esta iniciativa ten como obxectivo principal dar a coñecer a labor que se leva a cabo dende esta Asociación, así como a captación de persoas usuarias e voluntarios.

Ao longo do ano Vontade xunto con outras asociacións que tamén traballan a favor das persoas con discapacidade, montan este mercado en diferentes concellos de Pontevedra e venden os produtos de artesanía confeccionados por as persoas usuarias nos talleres.

As asociacións que conforman esta alianza son Aveláña, San Xerome, COGAMI Mos, Alento, Aceesca e Vontade.



- **XORNADA "DISCAPACIDADE E INTEGRACIÓN NO MEDIO RURAL"**

Participación activa nesta xornada organizada por AGDR 18 (Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño).

O obxectivo desta reunión foi a reflexión e posta en común sobre a problemática que afecta as persoas con discapacidade no rural galego. Tratáronse temas tales como ás oportunidades de acceso ao emprego, os

centros que prestan servizos e as barreiras para a mobilidade e a accesibilidade que afectan a este colectivo.

**"DISCAPACIDADE E INTEGRACIÓN NO MEDIO RURAL"**

Sábado, 22 de setembro de 2012  
Multiusos das Pozas, Petelos - Mos

Información e inscricións:  
AGDR MAIV-BAIXO MIÑO  
[www.agdr18.org](http://www.agdr18.org)  
Tf: 986 442 030  
info@agdr18.org

**Coordenadas**  
Latitude: 42.1941214  
Lonxitude: -8.638320700000008

Información e inscricións:  
Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural MAIV- Baixo Miño  
Estrada de Peinador nº 41  
Tameiga - 36416 Mos  
Teléfono: 986 44 30 30  
Mail: info@agdr18.org  
[www.agdr18.org](http://www.agdr18.org)

**"DISCAPACIDADE E INTEGRACIÓN NO MEDIO RURAL"**

Sábado, 22 de setembro de 2012  
Multiusos das Pozas  
Petelos - Mos

Grupo de Desenvolvemento Rural  
MAIV- Baixo Miño

## **ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VONTADE**

- Os **OBXECTIVOS** da entidade recóllense nos Estatutos. Os acadados no ano 2012 son:

1. Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
2. Promover a integración das persoas con discapacidade.
3. Promover actitudes positivas cara a persoa con discapacidade.
4. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
5. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
6. Promove e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.

## - RECURSOS ECONÓMICOS

As subvencións percibidas pola entidade no ano 2012 son:

ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE CONCEDIDO
<b>Consellería de Traballo e Benestar</b>	Programas de Cooperación	35.334,00 €
<b>Deputación Pontevedra</b>	Curso de Marroquinería e Serigrafiado	6.000,00 €
<b>Concello Tomiño</b>	Taller Enmarcado	1.017,70 €
<b>Consellería de Traballo e Benestar</b>	Voluntariado	1.197,45 €
<b>Deputación Pontevedra</b>	Concurso literario	859,00 €
<b>Deputación Pontevedra</b>	Adquisición Equipo Reprografía multifunción	3.000,00 €
<b>Deputación Pontevedra</b>	Adquisición Equipamento	4.000,00 €

**ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VONTADE**  
**CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO**  
**REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2012**

	<u>NOTAS DA</u> <u>MEMORIA</u>	(Debe) Haber <u>2.012</u>	(Debe) Haber <u>2.011</u>
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>-36.714,82</b>	<b>1.009,90</b>
<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia</b>	13	<b>62.860,66</b>	<b>71.386,42</b>
a) Cotas de afiliados e socios		0,00	0,00
b) Aportacións de usuarios		6.301,60	10.869,83
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		3.002,60	11.743,86
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	14	53.556,46	48.772,73
e) Reintegro de axudas e asignacións		0,00	0,00
<b>2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>3. Gastos por axudas e outros</b>		<b>-224,70</b>	<b>0,00</b>
a) Axudas monetarias		0,00	0,00
b) Axudas non monetarias		0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-224,70	0,00
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		0,00	0,00
<b>4. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>6. Aprovisionamentos.</b>	13	<b>-2.039,03</b>	<b>-1.365,56</b>
<b>7. Outros ingresos da actividade</b>		<b>201,70</b>	<b>0,00</b>
<b>8. Gastos de persoal</b>	13	<b>-37.075,38</b>	<b>-40.369,49</b>
a) Soldos, salarios e asimilados		-28.180,40	-30.062,89
b) Cargas sociais		-8.894,98	-10.306,60
c) Provisións		0,00	0,00
<b>9. Outros gastos da actividade</b>	13	<b>-86.876,77</b>	<b>-23.368,23</b>
a) Servizos exteriores		-10.290,78	-9.107,41
b) Tributos		-512,34	-128,46
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.		-59.896,33	0,00
d) Outros gastos en xestión corrente		-16.177,32	-14.132,36
<b>10. Amortización do inmovilizado</b>	5	<b>-19.796,37</b>	<b>-9.234,20</b>
<b>11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio</b>	14	<b>16.235,05</b>	<b>5.329,62</b>
<b>12. Exceso de provisións</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>13. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado e outros</b>		<b>30.000,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE</b>	3	<b>-36.714,84</b>	<b>2.378,56</b>
<b>14. Ingresos financeiros</b>		<b>0,02</b>	<b>0,20</b>
<b>15. Gastos financeiros</b>		<b>0,00</b>	<b>-1.368,86</b>
<b>16. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>17. Diferenzas de cambio</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>18. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>0,02</b>	<b>-1.368,66</b>
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS</b>		<b>-36.714,82</b>	<b>1.009,90</b>
<b>19. Imposto sobre beneficios</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECONOCIDO NO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>-36.714,82</b>	<b>1.009,90</b>
<b>B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE A PATRIMONIO</b>			
<b>1. Subvencións recibidas</b>		<b>42.885,30</b>	<b>46.761,33</b>
<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>		<b>10.671,16</b>	<b>2.011,40</b>
<b>3. Outros ingresos e gastos</b>			
<b>4. Efecto impositivo</b>			
<b>B.1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECONOCIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO</b>		<b>53.556,46</b>	<b>48.772,73</b>
<b>C) RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
<b>1. Subvencións recibidas</b>		<b>-59.120,35</b>	<b>-52.090,95</b>
<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>		<b>-10.671,16</b>	<b>-2.011,40</b>
<b>3. Outros ingresos e gastos</b>			
<b>4. Efecto impositivo</b>			
<b>C.1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>-69.791,51</b>	<b>-54.102,35</b>

<b>D) VARIACIONES DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO</b>		-16.235,05	-5.329,62
<b>E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS</b>			
<b>F) AXUSTES POR ERROS</b>		-294,92	178,12
<b>G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL</b>			
<b>H) OUTRAS VARIACIÓN</b>		402.430,13	180.000,00
<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EJERCICIO.</b>		349.185,34	175.858,40

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados